

GUÍA DO CURSO

**Elaboración de materiais didácticos
con eXe-Learning. Edición Abalar**





Índice

Descrición do curso.....	3
Persoas titoras.....	3
Obxectivos.....	3
Competencias básicas a traballar.....	4
Contidos.....	4
Correlación das competencias básicas cos contidos do curso.....	6
Metodoloxía.....	6
Seguimento e desenvolvemento do curso.....	7
Comunicación coas persoas titoras.....	8
Avaliación.....	9
Aplicación práctica nas aulas.....	10
Requirimentos para seguir o curso.....	11



Descrición do curso

O curso pretende achegar aos docentes o coñecemento e valoración das distintas posibilidades que ofrece o software de autor eXe-Learning para a creación de contidos educativos e actividades interactivas en contorno web, e nel expóñense as orientacións básicas que se precisan para comezar a traballar con este programa, un programa de código aberto (software libre) que permite a creación e edición de sitios web educativos de xeito moi doado, moi sinxelo no seu uso e que integra unha gran cantidade de ferramentas, para o uso das cales non se precisa traballar con código HTML e non hai necesidade de aprendelo.

O curso está estruturado en once módulos nos que se abordan as principais características que configuran eXe-Learning e as ferramentas que lle proporcionan ao profesorado a posibilidade de crear contidos educativos moi variados e interactivos no contexto do que se coñece como web 2.0.

Xa que logo, o curso desenvolve de xeito bastante exhaustivo:

- A estrutura do programa e os elementos que a integran.
- As ferramentas educativas que proporciona, coa súa descrición e con exemplos de uso.
- As distintas posibilidades e formatos de exportación do traballo elaborado co programa.
- A proposta de caracterización e elaboración dunha unidade didáctica.



Persoas titoras



María do Pilar Anta Fernández



Xosé Duyos Vázquez



Obxectivos

1. Descubrir eXe-Learning como ferramenta de autor.
2. Coñecer o contorno de traballo de eXe-Learning.
3. Crear unha unidade didáctica relacionada coa materia propia de cada profesor/a usando eXe-Learning.
4. Recopilar recursos de Internet (YouTube, SlideShare, Google Docs, etc.) e integralos na nosa Unidade Didáctica.
5. Introducir elementos multimedia na unidade didáctica.
6. Exportar a unidade didáctica creada a un formato axeitado ás nosas preferencias.
7. Alojar a unidade didáctica creada na Plataforma MOODLE do Centro, e colocala a disposición do alumnado.



Competencias básicas a traballar

I. Conceptos e operacións coas tic

1. Acadar coñecementos básicos, habilidades e comprensión de conceptos relacionados coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)
2. Progresar no coñecemento das TIC e das habilidades que lles permiten estar actualizados en tecnoloxías vixentes e emerxentes.

II. Planear e deseñar tanto ambientes de aprendizaxe como experiencias.

1. Deseñar actividades de aprendizaxe apropiadas para un determinado nivel de desenvolvemento nas que se apliquen estratexias de ensino enriquecidas coas TIC, que apoiem as diversas necesidades dos alumnos.
2. Aplicar investigacións actuais sobre ensino e aprendizaxe coas TIC ao planear os ambientes de aprendizaxe e as experiencias dos alumnos.
3. Identificar e localizar recursos das TIC e avalialos con criterios de precisión e idoneidade.
4. Planear o manexo dos recursos das TIC dentro do contexto das actividades de aprendizaxe.
5. Planear estratexias para manexar a aprendizaxe dos estudantes nunha contorna enriquecida coas TIC.

III. Ensinar, aprender e formular o currículo.

1. Facilitar experiencias enriquecidas coas TIC que atendan tanto os contidos das diversas áreas curriculares como os contidos específicos das TIC.
2. Utilizar as TIC para apoiar estratexias de aprendizaxe centradas nos

estudantes que atendan diversas necesidades destes.

3. Aplicar as TIC para desenvolver habilidades intelectuais, capacidade crítica e creatividade.
4. Dirixir as actividades de aprendizaxe dos alumnos nun ambiente enriquecido polas TIC.



Contidos

Os contidos do curso están estruturados ao longo de once bloques ou módulos. A estrutura de cada bloque consta dos seguintes elementos:

1. Conceptos.

Neste apartado desenvólvense os contidos en diferentes formatos: IMS, PDF e, no seu caso, outros elementos multimedia.

2. Exemplos:

Neste apartado expóñense diversos exemplos de utilización de eXe en distintos contextos educativos.

3. Recursos:

Neste apartado proporciónanse recursos en diversos formatos (textuais, multimedia, etc.) cunha función de complementariedade en relación aos contidos.

4. Foro de dúbidas:

Neste apartado os participantes poden expoñer as súas dúbidas, opinións, aclaracións, suscitar temas de debate, etc.

Todos os profesores participantes no curso deben intentar colaborar na resolución de dúbidas e problemas dos seus compañeiros.

5. Tarefas:

Neste apartado localízanse as tarefas que os alumnos deben realizar a efectos de avaliación.

6. Autoavaliación:

Neste apartado os alumnos irán comprobando a súa adquisición de coñecementos en relación aos contidos.

Trátase duns cuestionarios teóricos que o participante no curso debe completar ao remate de cada bloque.

Os contidos distribúense do xeito seguinte:

BLOQUE I	Fundamentos de eXelearning. Que actividades se poden crear? eXeLearning na rede	Xeralidades sobre eXe
BLOQUE II	Instalación de eXeLearning Execución de eXelearning eXe portátil	Instalación e execución de eXe en contornos Windows e Ubuntu
BLOQUE III	O contorno de eXe Barra de ferramentas Espazo de autoría	Características das distintas áreas que conforman eXe
BLOQUE IV	Propiedades do documento Pestana Paquete Pestana Metadatos	Definición de metadatos e taxonomía do documento
BLOQUE V	Árbore de contidos Organizar unha unidade Abrir e pechar un paquete Combinación de paquetes	Organización dunha unidade didáctica e operacións cos seus elementos
BLOQUE VI	Ferramentas Ferramentas (I) Ferramentas (II) Ferramentas (III) O editor de iDevices Inserción de elementos especiais	Ferramentas de creación de contidos educativos estruturadas de menos a maior complexidade
BLOQUE VII	Estilos	Aspectos visuais e presentación da nosa unidade didáctica
BLOQUE VIII	Exportar o noso traballo SCORM 1.2 Paquete de contido IMS Sitio web Páxina soa Arquivo de texto Notas iPod	Posibilidades e formatos de exportación de eXe para a posta en práctica vda nosa unidade en función dos nosos obxectivos e intereses
BLOQUE IX	Elaboración dunha unidade didáctica	Estructuración e secuenciación didáctica da unidade
BLOQUE X	Publicación dos materiais realizados nunha aula virtual	Publicación de contidos eXe en Moodle
BLOQUE XI	A prevención do ciberacoso no ámbito escolar	



Correlación das competencias básicas cos contidos do curso

COMPETENCIAS	BLOQUES
I. Conceptos e operacións coas TIC	Todos
II. Planear e deseñar tanto ambientes de aprendizaxe como experiencias	VI, VII, VIII, IX, X e XI
III. Ensinar, aprender e formular o currículo	IX, X e XI



Metodoloxía

Partimos da idea de que aprender é un fenómeno social e que a adquisición de novos coñecementos é o resultado da interacción de xente que se comunica.

O enfoque pedagóxico deste curso fundaméntase en que a aprendizaxe on-line debe ser unha actividade na que os alumnos aprenden facendo e compartindo, resolvendo problemas a través da comunicación e reflexionando sobre procesos e logros.

Xa que logo, a metodoloxía que propoñemos céntrase na potenciación de distintos tipos de interacción: titor con alumno, titor con grupo e alumnos entre si, incluíndo ademais, por suposto, a interacción cos materiais. Dita interacción implica traballar os elementos de contido que estruturan o curso a través da comunicación, xa sexa por e-mail ou mediante os foros, para que os alumnos, co recurso á conversa, poidan chegar a unha comprensión axeitada dos conceptos. Polo demais, cada bloque está integrado por titoriais e exemplos en diversos formatos e con diversos graos de interactividade..

Así mesmo, pensamos que a aprendizaxe é un proceso de descubrimento no que o alumno é protagonista, mergullándose na procura activa de solucións e construíndo o seu propio coñecemento ao descubrir puntos de vista diferentes a través da colaboración/interacción.

Na posta en práctica desta metodoloxía importa moito o deseño de actividades que potencien tal interacción/colaboración, así como os roles que desenvolve a titorización. Estes elementos teñen tanta importancia ou máis que o deseño específico de contidos. A ferramenta tecnolóxica ha de ser un medio e non un fin en se mesma.



Seguimento e desenvolvemento do curso

O curso estrutúrase ao longo de once bloques dos cales, os oito primeiros,

desenvolven os contidos que se precisan para o coñecemento das características e das posibilidades de eXe-Learning. O 9 e o 10 supoñen a realización de tarefas de creación e publicación de materiais didácticos por parte dos participantes e o 11 aborda un tema transversal, por desgraza cada vez máis actual: o ciberacoso.

Cada bloque vai desenvolvendo de forma secuenciada e progresiva os elementos técnicos da propia aplicación e as súas características, e acompáñase da implementación de exemplos que non son máis que suxestións das moitas posibilidades deste software. A creación de materiais didácticos con esta ferramenta depende, á fin, das necesidades, circunstancias específicas e imaxinación dos seus autores. Ademais, propóñense recursos, actividades de aplicación e un foro de dúbidas que permite abordar a interacción educativa proposta na metodoloxía.

A temporalización que se propón é basicamente orientativa, xa que, segundo se vaia desenvolvendo o curso, poderá reconsiderarse e readaptarse o cronograma, partindo sempre do concepto de que as planificacións didácticas deben ser flexibles.

A temporalización prevista é a seguinte:

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN DO CURSO			
Nº	Actividade	Datas	
Bloques 1 e 2 (1:30 horas)			
1	Presentación do programa: características xerais	Dende o 06/10/2011 ata o 16/10/2011	
2	Instalación de eXe-Learning		
3	Execución de eXe-Learning		
Bloque 3 (1 hora)			
1	Prácticas co contorno: Barra de ferramentas, espazo de autoría, barra lateral		
Bloques 4 e 5 (1:30 horas)			
1	Prácticas coas propiedades do documento e a árbores de contidos.		
2	Foro de dúbidas		
Bloque 6 (15 horas)			
1	Prácticas co bloque de ferramentas 1 (3 horas)		do 17/10/11 ao 23/10/2011
2	Prácticas co bloque de ferramentas 2 (4 horas)	do 24/10/11 ao 30/10/2011	
3	Prácticas co bloque de ferramentas 3 (4 horas)	do 31/10/11 ao 6/11/2011	
4	Creación dun iDevice (1 hora)	Do 7/11/2011 ao 13/11/2011	
5	Inserción de elementos especiais na nosa unidade (3 horas)		
Bloques 7 e 8 (3 horas)			
1	Elección do estilo da nosa unidade	Dende o 14/11/2011 ata o 20/11/2011	
2	Prácticas de exportación da unidade en diversos formatos		

Bloques 9 e 10: (6 horas)		Desde o 21/11/2011 ao 4/12/2011
1	Elaboración dunha unidade didáctica (4:45 horas)	
2	Publicación da unidade didáctica (0:15 horas)	
Bloque 12 (2 horas)		Do 12/12/2011 ao 16/12/2011
1	Debate: a prevención di ciberacoso no ámbito escolar (1 hora)	



Comunicación coas persoas titoras

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un Foro de presentación de participantes.

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto co resto da comunidade de aprendizaxe, coma cos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación cos titores:

- A través dos foros existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou o foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as súas intervencións no foro ou *posts*.
- A través do sistema de mensaxería interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privados entre vostede e o seu comunicante, xa sexa o titor ou calquera outro participante.



Avaliación

Cómpre sinalar algúns aspectos previos antes de abordar o sistema de avaliación:

- 1.- O máis importante non é o dominio técnico da ferramenta, senón a capacidade de usala para producir materiais didácticos susceptibles de utilizarse na aula.
- 2.- É conveniente ter en perspectiva xa, desde antes de abordar a realización da primeira tarefa do primeiro bloque, cal será a caracterización da unidade didáctica que imos realizar (curso, nivel, área, tema, etc.), pois todo o desenvolvemento dos distintos bloques é progresivo e vai orientado cara a ese fin, de xeito que o traballo realizado ao longo dos diferentes bloques poida ser acumulativo e facilitar o resultado final.

3.- As tarefas propostas precisan duns requerimentos mínimos, pero iso non é impedimento para que quen queira aborde a realización de ditas tarefas cun maior grao de complexidade.

Criterios de avaliación.

- Emprego das ferramentas propostas para a elaboración de materiais curriculares.
- Habilidade para organizar os contidos e presentalos de forma clara, lóxica e imaxinativa.
- Organización e contextualización dos contidos no recursos creados coas ferramentas propostas.
- Variedade de actividades realizadas.
- Emprego de eXe-Learning como unha ferramenta máis na creación de materiais curriculares.
- Habilidade no emprego da autoaprendizaxe e de recursos Web.
- Capacidade de autoavaliación e autocorrección.
- Emprego das ferramentas e recursos eXe para transmitir coñecementos, instrumentos metodolóxicos, actividades... ao alumnado.

Instrumentos de avaliación:

- Realización dos cuestionarios e tarefas propostas nos bloques correspondentes.
- Participación nos foros, xa sexa planteando dúbidas, xa sexa propoñendo temas de debate ou ben axudando na resolución de dúbidas doutros compañeiros.
- Elaboración dunha unidade didáctica con eXe-Learning.
- Publicación da unidade didáctica realizada na aula virtual proposta no curso.



Requerimentos para seguir o curso

Para seguir o curso abonda coa utilización dun ordenador tipo Pentium IV ou superior con Windows ou Linux (eXe-Learning probouse na distribución 10.04 de Ubuntu, que é a que utiliza o Proxecto Abalar, e funciona perfectamente). Pódese utilizar eXe-Learning sen conexión a Internet para producir materiais educativos, pero é evidente que

se precisa unha conexión á rede para desenvolver o curso, xa que a canle utilizada é unha plataforma de teleformación, Platega.